



A
DORNA

DORNA

LOCALIZACIÓN: Crese que foi na zona de Ribeira onde se comenzaron a construír e faenar con elas, estendéndose máis tarde á Illa de Arousa, O Grove, Illa de Ons e Bueu, sendo nestes portos onde era máis utilizada.

CARACTERÍSTICAS: Construcción en calime, o cal denota que non é unha embarcación autóctona senón de orixe nórdica.

Este sistema fai dela unha embarcación de gran lixeireza, e de grandes cualidades mariñeiras.

CONSTRUCCIÓN: a madeira utilizada na súa construcción é o piñeiro do país non sendo a quilla e as cadernas que son de carballo.

A construcción do casco é en calime, isto é, que a táboa superior monta sobre a inferior polo extremo, evitando a necesidade de reforzos interiores característicos das outras embarcacións construídas a tope; que as fai máis pesadas.

Na dorna, a estrutura vén definida polo conxunto: quilla-táboa, axustándose a este as cadernas, dándolle así unhas mellores condicións hidrodinámicas.

ACTIVIDADES: Segundo o tamaño delas, dedícanse a diferentes actividades, sendo as máis pequenas de sete a oito e media cuartas chamadas polbeiras por dedicarse á captura do polbo. As malleiras de oito e media a dez cuartas, que se dedican á pesca con liña e actividades de marisqueo; as de dez a doce cuartas chámanse tramalleiras e as de máis de doce chámanse xeiteiras, dedicándose á pesca de sardiña e palangre.

É a única das embarcacións tradicionais galegas que aínda subsiste na actualidade, incorporándolle un motor foraborda para as actividades de pesca.

Así mesmo polas súas cualidades veleiras, estase incorporando como embarcación de recreo á vela deportiva.



A Dorna

PINDOLERA

Eslora: 6,25 m.

Manga: 2,15 m.

Puntal: 0,95 m.

Data construcción: 1946

Construcción: Manuel Carea

VELA "de Relinga"



- Puxamen: 360 cm.

- Valuma: 360 cm.


- Grátil: 440 cm.

- Verga: 190 cm.

- S.P.V.: 10 m²



ÁREA DE SITUACIÓN



ESCOLA TALLER DE
CARPINTERIA DE RIBEIRA
MARIN - GALICIA

PORTUGAL